

Boas noites Compostela

Síntome moi honrado de poder estar hoxe aquí, neste balcón da capital de Galiza, da que é a casa grande da nosa cidade. Nunca pensei poder vivir un momento como este pero a vida lévanos a lugares onde nunca pensáramos estar e iso é o que a fai máis interesante.

Estou certo de cal é a primeira razón pola que me chamaron para vir aquí. Hai uns meses déronme un premio Goya e iso fixo que moitas cousas cambiasen, como por exemplo esta. Pero en realidade eu sigo sendo o mesmo... Un toleirán apaixonado pola súa profesión que consiste en vivir a vida dos outros e deixar a dun para a intimidade, para o anonimato e a escuridade. A vida do actor parece sempre pública pero iso só é un pequeno cacho do seu mundo. A punta do Iceberg. Debaixo está todo o traballo e a tenacidade. Algo que a ninguén lle interesa. Vós viñestes aquí a ver ao artista, ao compostelán premiado en Madrid. Pero antes de falar del, gustaríame rebobinar para recordar a Compostela que coñecín na miña infancia. Un lugar que marcou o resto da miña vida.

Eu son do barrio da Estila. Alí comezou todo. Todos os recordos que veñen á miña cabeza son imaxes dunha Compostela moi diferente á de agora. As rúas non eran lugares tan transitados, o número de visitantes á Catedral era máis reducido, e ninguén falaba de “Ano Xacobeo”, senón de “Ano Xubilar”. Os turistas escaseaban e apenas había tendas de souvenir. Aínda que por unha parte o agradezo, xa que nelas se vendían pequenas gaitas en miniatura que emitían un son realmente desagradable. Grazas, Deus, por facelas desaparecer.

Eran os tempos nos que ías a misa ás doce e logo os teus pais preguntaban o que alí oíras. A época na que Farruco, o cómico galego, se metía nos confesionarios e confesaba á xente. A época da Compostela das Marías, Maruxa e Coralia, e de Juan O Cego. E a época na que ía coa miña nai á Quintana a andar en bicicleta mentres víamos ás señoras calcetando e falando das súas cousas. Pero tamén tiñamos tempo para as travesuras. Recordo á do lámparo grande da Catedral ao lado do Confesionario. O acendiamos, agochabamos, e esperabamos a que o sacerdote marchara. Cando se retiraba, repetiamos a xogada unha e outra vez. Xa podedes imaxinar que non nos cansabamos rápido. Que ben o pasabamos con tan pouco...

Recordo outra. Fai anos, na nave pequena da Catedral, non había nin altar de madeira nin os bancos que hoxe en día se atopan abarrotados de xente. Só había bancos na nave grande, no tránsito do botafumeiro. E cando aquela bola de lume viña no ano Xubilar, estando a Catedral chea de turistas a ese lado da nave, eu cruzaba dun lado ao outro no punto máis baixo, e parecía que o botafumeiro ía darme en tódolos fociños. Obviamente se trataba dun efecto visual, pero xúrovos que tiñades que ver as caras dos que pensaban que aquel monstro íame esmagar. Non tiña prezo. De feito, creo que esa foi unha das miñas primeiras interpretacións.

Moitas veces boto a vista atrás e penso en canto me gustaría volver a eses anos. Aínda que supoño que a todos nos pasará algo similar. Non podo deixar de pensar o increíble cambio que experimentou Compostela nestes 53 anos, e eu con ela. ¡Fixádevos se pasaron anos que ata me deu tempo de gañar un Goya!

E preguntáredesvos vós... e que fixo Luis co Goya? Pois fixen o que dixer na noite na que mo deron: Leveillo a miña tía, que con 86 anos é quen máis o vai apreciar de toda a familia e a quen máis satisfacción lle vai producir. Ela síntese orgullosa deste rapaz, un pouco atolado, que conseguiu facer un camiño a base de interpretar a vida de moitos outros. Dalgún xeito é como se me fixese alguén anulándome a min mesmo ao encarnar a vida de moitos. Non é nada doado, asegúrovolo. A vida do actor ten moito de intesidade e de sacrificio persoal que non se ve pero que é preciso para poder chegar a encarnar un personaxe. Hai que mimetizarse, meterse no seu pelexo, beber da súa mente, encarnar o seu espírito. E todo iso require de traballo e constancia. De entrega, de estudo e dedicación.

Respecto a min direi que Ás veces os papeis non son novos, son revivals, como o de Bugallo este novo alcalde que nos agasalla coa súa presenza despois de tantos anos de andanzas polos camiños e corredoiras picheleiras.

A min a natureza dotoume cun rostro duro, distinto, unha face de malo de película que o meu instinto básico soubo aproveitar para levala ao teatro, á pantalla da tele e ao cine. E a cousa resultou ben. Esta cara de malo e de duro, este cranio, tamén é versátil. Como di Quico Cadaval. Simplemente cunhas gafas podo converterme no presidente da Xunta. Quen me dera! Eu íao pasar de medo Pero vós se cadra non pensariades o mesmo cando virades que non se facía nin unha soa estrada, nin autopista. Sería un futuro utópico e feliz. Especialmente para min, claro.

Estas caras que un pon serven para levarnos a novos destinos e a novos mundos. Como os que eu tiven oportunidade de vivir sen saír desta cidade, só de falar coa súa xente, cos seus personaxe: estudantes, curas, médicos e monxas. Pelegríns, moitos pelegríns que traen a alegría desde o outro cabo do mundo. Xente que nos aporta vida e riqueza. Non hai como os lugares de encontro. Os bares. Quero dicir a cidade de Compostela, a terceira capital da cristiandade. A da catedral imponente. A da masa granítica e do radón. A dos afectados polo aire. A da inspiración poética. A da vida toleirana. A das mulleres sen vergoña e con orgullo de séreno. A cidade sen armarios e das cores do arco da vella. A cidade libre e creativa. A cidade universal. A meca de Europa. A fin do camiño. A do Apóstolo. A de todo o mundo. A miña cidade. A vosa. A cidade sen fronteiras e sen límites. A cidade das persoas libres e loitadoras.

Todos os currunchos de Compostela gardan un anaco dos seus habitantes, desas mulleres cheas de historia que sacan adiante familias enteiras e que se converten en auténticos personaxes de novela, ou de cine. O noso mellor exemplo son as Marías, que aínda non teñen serie, pero que ben a merecen. Xa lle enviaremos recado aos de Netflix.

A nosa cidade se algo ten sido é unha cidade de grandes talentos para a ficción e o teatro. Grandes intérpretes como Dorotea Bárcena ou Pico. Dramaturgos do tamaño dun carballo como Roberto Vidal Bolaño, mestres da canteira teatral como Agustín Magán ou poetas, moitos poetas. E filósofos de todas as carreiras habidas e por haber, das que se estudan nas facultades e mais nas rúas. Das que se ensinan nos pubs e das que se examinan nos

seminarios. A nosa Compostela e unha das máis grandes creacións colectivas que temos os galegos e as galegas.

É o caldo de cultivo ideal para que calquera meniño se converta en actor, só ten que andar pola rúa e observar tanto tipo diferente. Mágoa que a escola de arte dramática a puxeran en Vigo....

Pero nós xa temos a da vida ... e os nosos teatros, as fontes da experiencia e da catarse. O lugar onde chorar ou morrer coa risa. O sitio onde vivir as vidas alleas que os nosos actores e actrices recrean para nós. A nosa catedral. O noso lugar de mística e de misterio.

Animo a todos aqueles mozos e mozas que queirades emprender este camiño da interpretación a facelo pero tedes que saber que non é doado, que hai que perseverar. Pero quen sabe? Calquera día poderíades chegar a un lugar onde nunca pensaríades estar. Como agora eu, no pazo de Raxoi, co alcalde e a corporación da miña cidade natal. Fáltanme as palabras para poder agradecer o suficiente unha honra tan grande como a que sinto eu hoxe. Non podedes imaxinar o feliz que me fai poder dar a voz de saída dunhas festas do Apóstolo.

O meniño José Luis que corría polas rúas do barrio da Estila non pensaba no futuro, nunca pensara en nada máis alá que en divertirse, no día a día, do presente, do momento de xogo e de estar cos amigos. Pero os días fóronse facendo longos, as horas máis tristes e non quedou máis remedio que estudar e ir sacando pouco a pouco cada materia. Na miña familia sabían que eu non era un bo estudante pero sempre tiveron a axuda das miñas irmás e unha palabra de ánimo dos meus achegados para continuar adiante.

Algúns aínda me coñecedes como Petróleo, outros como Pertur, como Releches, Ferro, Aníbal ou como o carteiro Anselmo. As vidas

dos outros que neste caso son todas miñas. Todas as etapas tiveron algo de emocionante e de divertido pero eu gardo enorme cariño por algún dos personaxes que foron fundamentais para chegar hoxe aquí. Sen Petróleo e sen a taberna non tería estado con todos os galegos e galegas durante anos e aínda máis co carteiro Anselmo. Foi a miña primeira grande escola, o primeiro salto á fama. Xa non me chamaban Luís. Fora por onde fora, en calquera aldea de Galicia eu era Petróleo. O taberneiro que tódalas noites lles servía os seus viños e as súas risas. Os momentos de filosofía do bar, nos que sincerarse e manifestar as preocupacións para despois buscarlle solución a todo. Os bares no noso país non teñen límite, son a fonte de inspiración dos nosos grandes filósofos que son os nosos paisanos. Non queda obra sen repasar, rúa sen asfaltar e político sen criticar. Son os nosos templos da sabedoría, as nosas ágoras do público e por que non? Tamén os lugares do ligue, do engate que din os portugueses. Eses lugares onde botar a cana e pescar unha boa troita. E para troitas e bares non che hai como os de Compostela: Atlántico, Crechas, Modus, Taraska, Maicar. Mi ma! Se nos poñemos a facer a lista non acabamos nun mes. Porque ademais foron cambiando e son distintos os da miña época de adolescente, as discotecas como Liberty ou o Black, aos de agora, que afortunadamente eu xa non coñezo. Porque un vai tendo unha idade e hai que coidarse. Agora somos máis de Netflix ou de HBO. Non che hai como unha boa serie ... e se aínda por riba a protagoniza Zahera.... A cousa xa non ten prezo e todos e todas vós podédela sentir como vosa, porque un compostelán, coma vós, foi quen de chegar aí. E este compostelán que son eu é a vós e a todos os galegos e galegas a quen lle debo unha parte importante da miña carreira. Eu non sería ninguén sen xente coma vós,

disposta a escoitar estas parvadas que vos conto, pero que vindes aquí co ánimo de ver ao pallaso no seu papel.

A min éncheme de alegría que me veñades ver e que eu vos poida dicir estar parvadas que non teñen máis misión que seren levadas por este vento compostelán que traerá un trebón de bombas e de concertos. De carreiras e de festas. De manifestacións. De baile. De tradición e de música negra de raíz. Todos isto son as festas do Apóstolo e a min non me queda máis que animarvos a que as desfrutedes.

Que bailedes e que bebedes como se non houbera un mañá... porque xa descansaredes cando esteades mortos. Agora é o momento de vivir e de saltar. É o momento de dalo todo, de ir a morte coa vida e de ligar... por que non? Esta é unha boa noite. Como calquera outra, pero para algúns e algunhas seguro que será a primeira da súa nova vida. Estou certo, como dixo o replicante, que verei cousas nestas festas que nunca imaxinariades: Milladoiro tocando con Leilía na Praza da Quintana.

Recibín algúns premios na miña carreira, pero como o desta noite ningún. Levareino sempre no corazón.

PICHELEIROS E PICHELEIRAS, OS QUE SONDES DE AQUÍ DE TODA A VIDA, OS QUE VIÑESTES DE LONXE, OS QUE QUEDASTES DESPOIS DE ESTUDAR NA UNIVERSIDADE, OS QUE FORMASTES PARTE DA SÚA UNIVERSIDADE, OS DO CASTIÑEIRIÑO, OS DE SAR, OS DO BARRIO DE SAN PEDRO, OS DAS CASAS NOVAS, OS DAS FONTIÑAS E SAN LÁZARO, OS DO VISO E OS DE LARAÑO, OS DA ROCHA, DE SANTA MARTA, DO ENSANCHE E OS DE TODOS E CADA UN DOS SEUS BARRIOS E PARRROQUIAS. TODOS E TODAS TEDES

NESTA CIDADE A VOSA ALMA PRENDIDA, NESTA
COMPOSTELA QUE É DE TODOS E DE TODO O MUNDO.!

VIVA A O APÓSTOLO!! !

VIVA COMPOSTELA!